



C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOECHE O DIA 29 DE DECEMBRO DE
2015**

No Salón de Sesions da Casa do Concello de Moeche, sendo as 20,00 horas do día 29 de decembro de 2015, baixo a presidencia Sra. Alcaldesa D^a. Beatriz Bascoy Maceiras, reunense os Srs./as Concelleiros/as que se citan:

- D. Magin Fernando Lago Tuimil
- D^a Iria Couce Rego
- D. Jose Manuel Soto Sanchez
- D. Juan Carlos Rodriguez Lago
- D. Xulio Cribeiro Garcia
- D. Aquilino Sueiras Dopico

Non asisten sen presentar escusa:

- D. Jorge Gonzalez Aneiros
- D. Rocio Luaces Antón

Asistidos da Secretaria da Corporación D. Consolación Couce Calvo, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria para a que foron previamente citados, constando en Secretaría o recibí de citación á sesión por parte de tódolos membros que o compoñen.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, pola Sra. Alcaldesa declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos, conforme á orde do día que figura na convocatoria de citación á sesión

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O
EXERCICIO 2016, BASES DE EXECUCIÓN E PLANTILLA DE PERSOAL**

Formado o Orzamento xeral deste concello, correspondente ao exercicio económico 2016, así como as súas bases de execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de acordo co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 18 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido dos informes da secretaria-interventora municipal, do día 21 de decembro de 2015.

Visto o informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do que se tira que a situación é de superavit.

Visto o informe de Intervención de avaliación do cumprimento da regra de gasto do día, do que se tira que a situación é de cumprimento.


Visto igualmente o informe favorable acordado pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 26 do mes a correr

Tendo en conta que tanto o Orzamento como as bases de execución e a Plantilla de Persoal se axustans os principios legais sobre a materia, contidos na Lei 7/1985 de 2 de abril, Lei 39/1988 de 28 de decembro, Real decreto 500/1990 de 20 de abril e demais disposicións concordantes, **O Pleno da Corporación, con CINCO (5) votos a favor e DUAS (2) abstencións dos Srs. Cribeiro García e Sueiras Dopico, acorda**

1º Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2.016, sendo o seu resumo, a nivel de capítulo, o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Euros
	A.- OPERACIONES CORRENTES	
1	Gastos do persoal	382.580,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	496.350,00
3	Gastos financeiros	2.000,00
4	Transferencias correntes	44.600,00
5	Fondo continxencia e outros imprevistos	5.000,00
	TOTAL OPERACIONES CORRENTES	930.530,00
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	495.550,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	25.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	520.550,00
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	1.451.080,00





C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Euros
	A.- OPERACIONES CORRENTES	
1	Impostos directos	264.500,00
2	Impostos indirectos	12.000,00
3	Tasas e outros ingresos	188.880,00
4	Transferencias correntes	495.700,00
5	Ingresos patrimoniales	10.500,00
	TOTAL OPERACIONES CORRENTES	971.580,00
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Enaxenación de inversións reais	14.000,00
7	Transferencias de capital	440.500,00
8	Activos financieros	25.000,00
9	Pasivos financieros	0,00
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	479.500,00
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	1.451.080,00

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito Orzamento.

3º.- Asimesmo, prestala sua aprobación á Plantilla de Persoal e relación de postos de traballo que se une como anexo o presente acordo.

4º.- Que se expoña o público polo prazo de quinze días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no artigo 169.1 do RDLeg. 2/12004 Texto refundido da Lei de Facendas Locais.

5º.- No suposto de non presentarse reclamacións en contra do presente acordo, entenderáse definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos nos artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril e 169 do RDLeg. 2/12004 . Noutro caso obrará conforme o prevenido no nº 1 deste último artigo.

6º.- Facultase á Alcaldía para que adopte todas as medidas precisas para o cumprimento das previsións contenidas no documento aprobado,

A N E X O
PLANTILLA DE PERSONAL
AÑO DE 2.016

A) POSTOS DE TRABALLO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACION	GRUPO	Nº	NIVEL C. D.	CUBERTAS	VACANTES
Secretaría-Intervención	A ₁ /A ₂	1	28	1	0
Axente Desenvolvemento Local	A ₂	1	22	1	0
Traballador/a social	A ₂	1	22	1	0
Arquitecto Tecncio ½ xornada	A ₂	1	22	1	0
Administrativo	C ₁	1	20	1	0
Auxiliar Administrativo	C ₂	1	18	1	0

B) POSTOS DE TRABALLO SOMETIDOS A LEXISLACION LABORAL

Personal laboral fixo

DENOMINACION	TTITULACION ESIXIDA	Nº	CUBERTAS	VACANTES
Encargado Biblioteca e P.I.X. /Xulgado de Paz	Graduado ESO	1	1	0
Conductor vehiculos e maquinaria	Graduado ESO	1	1	0
Peon -operario	E. Primarios	1	1	0

Personal laboral eventual

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	Nº de prazas
Animador deportivo	1
Auxiliares servizo axuda domicilio	3
Auxiliar servizo axuda domicilio , 3 meses suplencia vacacions)	1
Conductor operario, 2 meses suplencia vacacions	1

Na rolda de intervencións toma a palabra a **Sra Alcaldesa** para explicar as principais novidades do presuposto presentado:

- O importante incremento do capítulo IV de gastos.- transferencias correntes, que aumenta nun 23,85% por canto na mesma inclúese a formalización de convenios con todas as organizacións existentes no concello , ANPA, Slálom, club de fútbol.. ademais das xa previstas en exercicios anteriores, incrementase as axudas por estudos de 12.000 a 15.000 euros e crease un fondo de emerxencia social de 2.500 €





C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

- No capítulo 2.- gastos de bens correntes e servizos, por primeira vez hai dotación específica para a biblioteca e para a organización de feiras, e as actividades culturais e deportivas teñen cada unha a súa propia partida , redúcense en 10.000 € as indemnizacións os membros da corporación e os gastos de representación en 2.000 €
- No capítulo 1 de gastos, ademais de incluír os créditos necesarios para o pagamento da subida do 1% das retribucións do persoal e da devolución do 50% da paga extra de 2012 pendente de percibir, tal e como se establece na lei de presupostos do estado, dotase crédito para poder crear unha bolsa de traballo para a substitución dos traballadores municipais nas súas vacacións, das que non viñan disfrutando nos últimos anos.

Non se produce ningunha outra intervención

E, non habendo mais asuntos que tratar polo Presidente levantase a sesion sendo as 20 horas e 15 minutos do día indicado no encabezamento. Do que eu, Secretaria CERTIFICO

Vº e Pz
A ALCALDESA



Asdo. Beatriz Bascoy Macéiras

A SECRETARIA

